



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

Asunto: formalización de contrato e alta na Seguridade Social de dous peóns forestais para o programa Aprol Rural 2023.

Visto que se aprobaron as bases e a convocatoria para a provision, mediante o sistema de concurso- oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de dous postos de peón forestal do Concello de Cabana de Bergantiños, ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do Emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG nº 22 do 1 de febreiro).

Visto que este Concello presentou o día 25/04/2023 a oferta de Emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, oficina de Emprego de Carballo, tal e como o reflicte a Orde de subvención no artigo 14.3 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Visto que día 03/05/2023 recibíronse un total de 16 curriculums vitae, como candidatos preseleccionados polo Servizo Público de Emprego de Galicia (Oficina de Carballo), con número de oferta 12-2023-4578 e visto que despois da comunicación telefónica aos aspirantes propostos polo SPEG, presentaron a documentación para participar no proceso de selección un total de 14 candidatos.

Visto o decreto que reflexa a aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, así como a data e o lugar de realización da proba práctica, e vista a acta única do tribunal de selección, asinada por todos os membros do tribunal asistentes, o día 11/05/2023, que inclúe a valoración total dos aspirantes e a proposta de nomeamento do postos convocados e a relación de suplentes por orden decrecente

Visto o decreto con data do 11/05/2023 de nomeamento de 2 peóns forestais e visto que os adxudicatarios presentaron en forma e prazo a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula oitava das bases de selección para a súa posterior formalización do contrato, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO: dar de alta na Seguridade Social e formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato de traballo temporal para a mellorra da ocupabilidade e da inserción laboral (código de contrato 405), con data de inicio do **18/05/2023** e unha duración de 9 meses a xornada completa a D.Carlos Paz Rodríguez e a Dona Rosina María Álvarez Chouciño.

SEGUNDO: publicar no taboleiro da sede electrónica do Concello esta resolución, de conformidade co previsto nas bases de selección.

TERCEIRO: dar conta o pleno na vindeira sesión que se celebre desta resolución.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

O ALCALDE

José Muíño Domínguez

Dou fe,
A SECRETARIA

María Garrote López

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)